<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> <li>- A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios.</li> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> </ul> </li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecemento de mecanismos de autoavaliación para reconducir os procesos de traballo.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.</li> </ul> </li> <li>- Toma de decisións:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> <li>- Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.</li> <li>- Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.</li> <li>- Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.</li> </ul> </li> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.</li> <li>- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.</li> <li>- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.</li> <li>- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.</li> <li>- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.</li> <li>- Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social.</li> <li>- Funcións de arbitraje deportiva.</li> <li>- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.</li> <li>- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica.</li> <li>- Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	DESCUBRIMOS OUTROS ESPAZOS	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.1. - Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividade, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	TI	100
CA2.3 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física.		
CA2.6 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas aplicándoas na práctica das actividades motrices, fóra do centro escolar		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.		
CA6.2 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais,, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.		
CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios.</li> <li>- Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcebidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas.</li> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.</li> </ul> </li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.</li> </ul> </li> <li>- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura.</li> <li>- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.</li> <li>- Novos espazos e prácticas deportivas.</li> <li>- Utilización de espazos urbanos e naturais desde a motricidade.</li> <li>- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.</li> <li>- Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano.</li> <li>- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	A INDIAKA.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar as diferentes modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás mesmas	PE	40
CA1.2.1. - Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividade, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	TI	60
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, respetando o propio corpo e o dos demais.		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito do deporte		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter cooperativo establecendo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado para reconducir os procesos de traballo, .		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Actuar aplicando principios de toma de decisións en actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro e da persoa opoñente e á lóxica interna		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir diferentes roles.		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, respetando o propio corpo e o dos demais.		
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar en deportes vinculados tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes,.		
CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde social:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise crítica dos estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz e dos comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> <li>- A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios.</li> <li>- Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcebidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas.</li> </ul> </li> </ul>

## Contidos

- Toma de decisións:
  - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.
  - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.
  - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
  - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.
  - Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
  - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.
  - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.
- Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social.
  - Funcións de arbitraje deportiva.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade.
- Influencia do deporte na cultura actual: o deporte como fenómeno de masas, impacto social, aspectos positivos e negativos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para comezar, definimos unha serie de orientacións metodolóxicas xerais para a materia que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, a consolidación e a integración dos estándares por parte do alumnado:

Carácter eminentemente práctico e vivencial da materia nestas etapas.

A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo destas etapas.

Uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa para permitir a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciar a inclusión do alumnado.

Deseño de diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos niveis, ás formas e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

Potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física.

Favorecer metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.

Procurar a implicación das familias como un factor clave para facer dos alumnos e das alumnas auténticos suxeitos activos, cunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida da súa saúde, mediante a adquisición de hábitos de vida saudables.

Tendo en conta as directrices sinaladas e, a nivel práctico, debemos facer mención os diferentes elementos metodolóxicos que imos contemplar o longo do curso. Estes elementos serán definidos para cada unha das unidades didácticas do curso:

Estilo de Ensinanza: Produtivo (si hai unha responsabilidade do alumno na produción e xestión da súa aprendizaxe) ou reprodutivo (si se busca a reprodución dun patrón determinado).

Estratexia de Práctica: Global, analítica ou mixta. O tipo de estratexia dependerá do tipo de contido e tamén, do estilo de ensino manexado en cada momento.

Técnica de ensino: entendida coma o modo mais adecuado de transmitir o que pretendemos que realice o noso alumnado. Manexamos o Mando Directo e a Asignación de Tarefas nos estilos Reprodutivos e a Resolución de Problemas, a Descuberta Guiada e a Técnica de Proxectos nos estilos Produtivos.

Tarefas de E-A: referíndose este apartado a cantidade e calidade da información que se lle da ós alumnos/as nas diferentes situacións de aprendizaxe.

Poden ser Definidas, Semidefinidas ou Non Definidas.

Agrupamentos: forma na que se organiza o grupo-clase para realizar as tarefas de ensino encomendadas.

Estes serán de forma individual ou en pequenos grupos chamados grupos de traballo (grupos formados por 4-5 alumnos/as, sempre serán os mesmos o longo do trimestre e traballarán no espazo indicado polo profesor/a e sempre mantendo a distancia de seguridade).

Contemplamos principalmente a utilización da técnica de ASIGNACIÓN DE TAREFAS, que aínda que se trata dun estilo directivo, é o que mellor se acomoda ás sesións dentro desta materia. Non obstante, haberá momentos, sobre todo en unidades didácticas referidas á expresión corporal ou a xogos pre-deportivos, no que o método dominante sexa a RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS.

Gustaríanos recalcar que os estilos non directivos son de gran axuda para os alumnos, pero debemos ter en conta os condicionantes de espazo ou número de alumnos por grupo, pero sobre todo de tempo, á hora de poder levalos a cabo.

**ACTIVIDADES DE ENSINO NAS QUE NOS BASEAREMOS:** Ao ser esta unha materia de marcado carácter práctico, as actividades que viran en torno aos contidos procedimentais serán as de maior peso específico. Aínda que, atendendo á diversidade dos contidos presentes no currículo, levaremos a cabo actividades que incluírán varios tipos de actividades:

Explicacións de tipo teórico, nas que o profesor ou profesora explicará ao alumnado os fundamentos conceptuais en torno aos que vira cada sesión.

Para nós é moi importante que os alumnos comprendan a fundamentación de cada sesión e non sexan meros repetidores dos exercicios que se propoñen.

Nos contidos que se considere necesario pola súa importancia ou complexidade facilitaráselle aos alumnos apuntes ou outro tipo de material para facilitar a súa aprendizaxe.

Busca activa de información, ben sexa en xornais, libros ou en internet.

Exercicios de tipo práctico nos que se incluírán unha gran batería de xogos e tarefas xogadas, intentando motivar o máis posible a cada alumno/a, así como exercicios analíticos e progresións que faciliten a aprendizaxe das técnicas motrices.

Mini-competicións cuxo obxectivo será aplicar o aprendido en cada sesión e colaborar cos compañeiros no desenvolvemento da actividade.

É importante destacar que a competición ten un alto contido educativo a condición de que o obxectivo de gañar non sexa nin o primeiro nin o único.

Elaboración e resolución de tarefas web, a través de Edixgal OU AULA VIRTUAL.

**ESTRUTURA DAS SESIÓNS:** Debido á propia natureza da materia, as nosas sesións han de lograr que o alumnado asimile os contidos propostos ao mesmo tempo que realicen unha práctica física correcta.

Así pois, respectando o anterior, a estrutura básica das sesións será a seguinte:

Explicación teórica por parte do profesor ou profesora: Nesta parte indicaranse os obxectivos pretendidos para a sesión e explicaranse os contidos conceptuais pertinentes.

Quecemento: Posta a punto para a realización do exercicio físico tendo en conta a actividade posterior que se levará a cabo.

Parte principal: Parte da sesión na que se traballa de forma máis intensa e buscando o logro dos obxectivos propostos.

Volta á calma: Nesta parte báixase a intensidade da sesión e aprobeitase tamén para comentar o desenvolvemento da mesma e ata aclarar cuestións que os alumnos estimen oportunas.

Hixiene: Neste curso será opcional pero intentaremos na medida do posible concienciar o alumnado e nas clases que sexa posible posibilitar o aseo persoal básico e cambio de roupa (polo menos da camiseta).

#### **NORMATIVA DE ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO.**

O pouco tempo e o carácter altamente práctico da materia lévanos a considerar a asistencia e a práctica do alumnado como básica.

A non participación por motivos de Faltas de asistencia ou Falta de práctica na sesión, sen xustificar, implicará unha valoración negativa na cualificación do alumnado no apartado de CONTIDOS COMÚNS.

#### **ALUMNADO QUE NON REALIZAN A PRÁCTICA:**

Os alumnos/as con enfermidade ou lesión que asistan a clase pero non poidan realizar a práctica deberán entregar o xustificante por escrito correspondente do seu pai/nai ou titor, e se a situación se vai prolongar no tempo, deberá ser un médico o que certifique o seu estado, o tempo aproximado que deberá permanecer sen exercitarse e, de ser posible, as orientacións médicas para implementar un traballo coadxudante na súa problemática, a través do exercicio físico. Estes alumnos/as serán parte activa das clases na medida que se poida, participando como colaboradores en axudas aos compañeiros, organización do material, de apoio de compañeiros con necesidades educativas especiais se os houbese, etc. Naquelas sesións nas que non teñan un papel activo, proporcionaráselles unha ficha de sesión na que deberán describir as actividades que realizan os seus compañeiros e que deberán entregar ao finalizar a sesión/unidade didáctica ou trimestre. Estas fichas modelo estarán á disposición do alumnado que non fai práctica e deberán ser entregadas en perfecto estado para seren valoradas. A non presentación destas fichas suporá a consideración de Falta de práctica. Naqueles casos nos que sexa posible, o alumnado nesta situación e que mostren un claro problema de inactividade física e sedentarismo, camiñarán ao redor da instalación durante o tempo indicado, a través da aplicación dun programa básico de adestramento.

#### **NORMATIVA BÁSICA DE EQUIPAMENTO PERSOAL DO ALUMNADO:**

Neste aspecto, establécense unhas normas co obxectivo de desenvolver e favorecer a hixiene individual e colectiva, e coidar a seguridade do alumnado na práctica da actividade física:

Cantimplora ou botella de auga sinalada co seu nome.

Camiseta deportiva.

Pantalón curto de deporte, mallas deportivas e/ou chándal.

Calcetíns de deporte.

Calzado deportivo: non se permiten botas de montaña nin calzado cunha sola de máis de 3 cms. (plataformas) así como calzado frouxo ou mal atado por cuestións estéticas, todo iso para evitar lesións nos pés e nocellos e evitar accidentes.

Non se permitirá o uso de pezas que non sexan deportivas (camisas, pantalóns vaqueiros ou de tea, cazadoras) que poidan limitar os movementos, causar lesións (rozamentos, falta de circulación) ou minguar a hixiene (non absorción da suor).

Poderase recomendar ao alumnado a utilización de vestimenta específica no desenvolvemento dos temas relacionados coa expresión corporal ou as actividades na natureza, pero serán avisados con antelación polo profesor/a.

**SERÁ OBRIGATORIO:** Levar o pelo longo recollido: por seguridade e comodidade. Coidar e respectar os compañeiros/as, o material, o profesorado e as instalacións. Participar nas clases. A puntualidade e a asistencia as clases.

#### **ESTA PROHIBIDO NAS CLASES:**

Comer e mascar chicle.

O profesorado valorará se certos complementos de moda, tipo pearcings, aneis, pendentes, etc., que sexan visibles, poden supoñer un perigo para o alumno/a e/ou compañeiros/as. Nese caso, os seus usuarios/as terán que retiralos.

Considerarase Falta de material cando se incumpra parcial ou totalmente o exposto nos puntos anteriores.

O alumnado infractor non poderá realizar a sesión, supoñendo polo tanto Falta de práctica sen posibilidade de ser xustificada.

#### **ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL**

##### **AGRUPAMENTOS**

En canto aos agrupamentos, a súa determinación viranos determinada polas tarefas que desenvolvamos. En principio, contemplamos a utilización de todo tipo de agrupamentos, dende o traballo individual (se é que se pode considerar como un agrupamento) xa que permite a individualización do ensino para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado; ata o traballo en grupo clase, cando a importancia do contido o requira xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

##### **UTILIZACIÓN DE ESPAZOS**

Para levar a cabo as nosas intencións educativas non reduciremos o noso espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas que se nos asignen, senón que espremeremos ao máximo a utilización dos espazos



dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da E.F. das instalacións deportivas, dando a entender ao alumnado a virtualidade do reduccionismo ao que se adoita someter á nosa materia, circunscríbendola unicamente aos espazos "tradicionais". Por exemplo, para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderemos empregar a biblioteca do centro. Cando a busca de información requira un ámbito maior podemos utilizar a aula de informática para realizar buscas en internet e descubrir o tratamento que se lle dá á materia na rede. Por último tamén podemos utilizar a aula de informática para presentar ao alumnado aplicacións e ferramentas interactivas de autoavaliación da condición física e de adestramento que xa veñen implementadas en soporte informático.

#### OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto, que a saber son:

Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estanza no vestiario.

Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.

b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

#### O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un Coñecemento dos Resultados Extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

Nesta proposta de Programación, o Coñecemento dos Resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o Coñecemento dos Resultados Concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o Coñecemento dos Resultados Inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do Coñecemento dos Resultados Intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este Coñecemento dos Resultados Diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na

Busca, preténdese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

#### ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

#### ESTRATEGIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

#### RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

**Entrada e Saída da aula:** A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

**Cambio de Roupa:** O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

**Hábitos Hixiénicos:** Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 7 minutos da sesión.

**Recollida do Material:** O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso.
Libro de texto ou material complementario.
Edixgal. Aula virtual/moodle. e cursos dispoñibles na aula.



Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe.
Redes sociais, aplicacións.
Material bibliográfico no departamento, biblioteca, outras dependencias do centro, etc...

1.-Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso.

Listado de material dispoñible no departamento de educación física visible para o alumnado.

2.-Libro de texto ou material complementario. Edixgal/aulavirtual/moodle:

O departamento de Educación Física determinou que durante o curso os alumnos non empregarán libro de texto; o profesor lles proporcionará o material necesario, mediante a páxina web do IES 12 de Outubro, dentro do apartado "edixgal"/aula virtual, para que o alumnado realice o seu propio diario de clase.

3.-Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe:

Utilización de YOUTUBE, sobre todo para aspectos técnicos en calquera das actividades deportivas.

Recomendación da busca de noticias de actualidade relacionadas co mundo da educación física.

4.- Material bibliográfico:

Bibliografía fomento da lectura:

LIBROS PARA 1º e 2º ESO.

Agustín Fernández Paz . Rapazas. Editorial: Edicións Xerais de Galicia Colección: Fóra de Xogo. Nº páxinas: 163 ISBN: 84-8302-962-6. <https://www.xerais.gal/libro.php?id=641037>

María Reimóndez . Corredora. Editorial: Xerais Colección: Fóra de Xogo Nº páxinas: 104 ISBN: 978-84-9121-218- <https://www.xerais.gal/libro.php?id=4674076>

Álvarez, Nieves:Yo vencí la anorexia. Ediciones Temas de Hoy. S.A. 2001

Mª del Carmen Lavandeira : Sentir los colores. Editorial Casals

Laura Gallego: Creando equipo. Editorial Destino.

Laura Gallego: Las chicas son guerreras. Editorial Destino.

Laura Gallego: Goleadoras en la liga. Editorial Destino.

Laura Gallego: El fútbol y el amor son incompatibles. Editorial Destino.

Laura Gallego: Las goleadoras no se rinden. Editorial Destino.

Laura Gallego: El último gol. Editorial destino.

Joachim Masannek: Jojo el que baila con el balón. Editorial Destino

Joachim Masannek: Los mejores trucos. Editorial Destino

Joachim Masannek: El azote del trueno. Editorial Destino

Joachim Masannek: Markus el imbatible. Editorial Destino.

Luigi Garlando:Un gran equipo. Editorial Montena.

Luigi Garlando: Fútbol para novatos. Editorial Montena.

Luigi Garlando:i Bienvenido al equipo! .Editorial Montena.

Luigi Garlando: En campo enemigo. Editorial Montena.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais.

O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>3</b>	<b>6</b>	<b>17</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>17</b>	<b>7</b>	<b>14</b>	<b>6</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	50	40	40	0	0	15	0	40	0	40
<b>Táboa de indicadores</b>	50	60	60	100	100	85	100	60	100	60

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>23</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>77</b>

### Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 10 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2, 3 e 4 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 35%; a 5, 6, e 7 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 8, 9 e 10 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 31%. No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

O dossier de clases terá un papel moi importante como método de avaliación, xa que nel, o alumnado terá que recoller as sesións practicas diarias o longo do curso divididas por unidades didacticas, así como todos os traballos realizados.

Neste dossier tamen aparecerán reflexadas as actividades solicitadas o longo de cada trimestre relacionadas con contidos practicos. Estas actividades aparecen na aula virtual e a súa valoración aparece reflexada despois de que o/a alumno/a o entregue en prazo e forma.

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación previa á avaliación final da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos non pode realizar a practica:

- Lesión de corta duración: Se por calquera motivo non se realizase unha sesión práctica deberase entregar ao final da mesma unha ficha de sesión. na que consten os seguintes datos: nome e apelidos, curso e grupo, data, motivo polo cal non se realiza a práctica e por último a descrición de todos os exercicios realizados polos seus compañeiros ao longo da sesión.

- Lesión duración media: No caso de non realizar un 20% de prácticas ao longo de cada trimestre (6 sesións), deberase entregar un traballo, cuio tema será o da materia do trimestre e se deberá entregar o día do exame teórico correspondente a esa avaliación.

- Lesión de larga duración: Entrega de un traballo, (ademais dun certificado médico que indique o impedimento da realización de actividade física) que consistirá en recopiar a información, mediante distinta documentación, para ter un maior coñecemento de dita lesión, e que o alumn@ teña máis criterios para a súa recuperación si é posible.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

### **Criterios de recuperación:**

Para recuperar as UU.DD. non superadas:

Rematada a UD proporase ao alumnado que non a superou actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado en sesións de tutoría previa cita.

Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas.

De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste último caso a UD darase por superada.

Para recuperar a avaliación trimestral: O alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña superadas.

O profesorado propondrá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas en sesións de tutoría previa cita.

Segundo as circunstancias poderanse propor ao alumnado a realización de probas escritas.

Para superar a avaliación final:

Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, recibirá un plan de recuperación e realizará as actividades propostas no período que vai dende a avaliación previa á avaliación final ata a avaliación final.

Esas actividades serán avaliadas e cualificadas por observación directa do profesorado.

Transcorrido este período, o alumnado que non recuperou algunha avaliación trimestral, deberá superar nunha proba final extraordinaria os mínimos de consecución non superados.

A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderanse propor probas escritas.

Para mellorar a nota na avaliación final:

O alumnado que desexe mellorar a súa cualificación, recibirá un plan de mellora.

Neste plan priorizaranse os contidos con peor cualificación ou non superados nas diferentes UDD.

As actividades propostas serán acordadas entre a persoa docente e o alumnado.

No caso de que o alumnado supere as actividades de reforzo propostas no plan, incrementarase a súa cualificación nas UU.DD. correspondentes e calcularase de novo a cualificación final da materia.

O alumnado que se acolla a esta opción poderá incrementar a nota ata X puntos.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 2º ESO que fora promocionado desde o curso anterior coa materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia do alumno ou alumna, e baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo entregárase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

- 4.3.- No caso de que algún alumno ou alumna estea vivindo unha situación que poida supor unha barreira emocional para a aprendizaxe, tense en conta a súa situación no desenvolvemento das actividades de aula?
- 4.4.- Se chega alguén novo ao grupo, cóntase cun protocolo de acollida?
- 4.5.- Todo o alumnado coñece as normas de convivencia na aula?
- 4.6.- Hai procedementos de resolución de conflitos?
- 4.7.- Cóntase con espazos e actividades periódicas que permitan a participación de todo o alumnado?

#### 6.- APROVEITAMENTO DE RECURSOS DISPOÑIBLES NO CENTRO E NO CONTORNO PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS.

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta as respostas do alumnado aos ítems.

##### ÍTEMS

- 1.- Utilízase o aula virtual?
- 2.- Utilízase a biblioteca?
- 3.- Utilízanse os laboratorios?
- 4.- No caso de que existan, participábase nos proxectos de internacionalización do centro?
- 5.- Participábase nos proxectos formativos do centro?
- 6.- Colabórase co club de ciencias, de lectura ou similares?
- 7.- Participábase en actividades en colaboración co concello (educación viaria, biblioteca municipal, actividades culturais...) ou con outras institucións do contorno?

#### 7.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON).

##### ÍTEMS

- 1.- Ao comentar o exercicio, exposición, etc. que fixo o alumno/a sinalábase tanto o que fixo ben como os erros cometidos?
- 2.- Os comentarios e a frecuencia en proporcionar retroalimentación axústanse a cada alumno/a en particular?
- 3.- Téntase que a retroalimentación sexa o máis inmediato posible para o alumnado con menor competencia nesa tarefa?
- 4.- Dilátase a retroalimentación para o alumnado con maior competencia?
- 5.- Ao sinalar un erro indícase en que se equivocou e dáse algunha pista de como resolvelo correctamente?
- 6.- Cando o alumnado o necesita, exemplifícase o proceso paso a paso?
- 7.- Facilítanse pautas de corrección, rúbricas... para que o alumnado poida autoavaliar o seu traballo?
- 8.- Realízanse frecuentemente actividades de autoavaliación e coavaliación na corrección de exercicios?
- 9.- En ocasións pídeselle opinión ao alumno ou alumna acerca de que comentarios ou apoios sobre a súa tarefa lle axudan máis?
- 10.- Anímase ao alumno/a a que reflexione ao realizar un exercicio/tarefa preguntándose que teño que facer, como estou ao facer e como o fixen?

#### 8.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON).

##### ÍTEMS

- 1.- Deséñanse tarefas interdisciplinarias?
- 2.- Analízase e chégase a acordos sobre a forma de avaliar criterios de avaliación que sexan comúns a diferentes materias?
- 3.- Analízase e chégase a acordos sobre a forma de tratar os elementos transversais?
- 4.- Hai outro tipo de acordos entre o profesorado dos cursos e lévanse a cabo?

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente desta aplicación.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademais da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade.

Como indicador de logro do grao de desenvolvemento e adecuación da programación propónse un baseado no seguimento de cada unidade didáctica (data de inicio e final, sesións previstas fronte a sesións realizadas e grado de cumprimento) e o éxito académico acadado tras cada avaliación ponderando entre 1 e 4 do seguinte xeito:

1. Desenvolveuse menos do 90% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems que se recollen a continuación nesta descrición.
2. Desenvolveuse o 100% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems.
3. Desenvolveuse máis do 90% e acadou máis de 3 nos ítems.
4. Desenvolveuse o 100% e acadou máis de 3 nos ítems.

Os ítems de aprendizaxe son os seguintes:

- Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50%), 3 (75%) e 4 (>90%).
- Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50%), 3 (75%) e 4 (>90%).
- As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación para cada unha das PAUTAS que foron desenvolvidas ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50%), 3 (75%) e 4 (>90%).

En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora.

Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	31

## 1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixo do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e de recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- O proceso de comunicación oral e escrita de xeito eficaz. Forams e variedades de comunicación: unidade centrada na comparación dos trazos das principais variedades dialectais do castelán. O obxectivo será promover a concienciación sobre a riqueza que supón a diversidade no ámbito das linguas e sobre a necesidade de combater todo tipo de prexuízos neste eido.
- A palabra e a frase: Esta unidade didáctica está centrada na palabra. Trataremos os procedementos de adquisición e formación de novas palabras, as relacións semánticas entre palabras, os seus valores denotativos e connotativos segundo o contexto, e os cambios nos significados, etc.
- O texto narrativo: esta unidade abordará o estudo das principais características formais e temáticas do xénero narrativo a partir da lectura e análise das semellanzas e diferenzas dunha escolma de contos procedentes da narrativa universal actual e extraídos da biblioteca escolar.
- O texto e o discurso expositivo e o texto expositivo discontinuo: Esta unidade estará dedicada á expresión e á comprensión adecuada dos textos expositivos, xa que estes teñen unha presenza constante na actividade académica. Esta tipoloxía textual é esencial na transmisión do saber humano e, de feito, é o vehículo principal da información científica, técnica, humanística, etc. Este é o motivo de que se lle dedique unha unidade didáctica.
- Falando enténdese a xente: Como o ser humano é, por natureza, un ser social que se relaciona a través do intercambio de información, dedicaremos esta unidade aos textos dialogados (conversas, debates, entrevistas, chats...) e á súa adecuada produción e comprensión, tanto oral como escrita.
- O texto e poesía que sae do libro para facerse humana: esta unidade didáctica dedicárase ao recoñecemento dos vínculos e retroalimentacións entre os diversos xéneros literarios e outras manifestacións artísticas afíns.
- A novos tempos, novos costumes: Nesta unidade, imos analizar a lingua nas situacións comunicativas reais máis habituais na actualidade, tendo en conta os factores contextuais que a condicionan.
- A escritura creativa: Esta unidade didáctica orientarase cara o estudo das características do xénero lírico, afondando na importancia dos seus recursos expresivos e na construción da linguaxe poética como medio para crear beleza artística e como canle de comunicación de mensaxes e sentimentos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

#### Descrición:

Ben.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O proceso de comunicación oral e escrita de xeito eficaz. Formas de comunicación.	A comparación dos trazos das principais variedades dialectais do castelán será o punto de partida para promover a concienciación sobre a riqueza que supón a diversidade no ámbito das linguas e sobre a necesidade de combater todo tipo de prexuízos neste eido. Co obxectivo de lograr unha sociedade máis inclusiva, tamén realizaremos unha aproximación ás linguas de signos.	5	20	X		
2	A palabra e a frase.	Esta unidade didáctica está centrada na palabra: os procedementos de adquisición e formación de novas palabras, a utilización de afixos para a mudanza de categoría, as	10	21	X		



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A palabra e a frase.	<p>relacións semánticas entre palabras, os seus valores denotativos e connotativos segundo o contexto, e os cambios nos significados...</p> <p>Tamén traballaremos a distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas), e estudaremos a relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.</p>	10	21	X		
3	O texto narrativo	<p>Esta unidade didáctica abordará o estudo das principais características formais e temáticas do xénero narrativo a partir da lectura e análise das semellanzas e diferenzas dunha escolma de contos procedentes da narrativa universal actual e extraídos da biblioteca escolar. Cada alumno/a escollerá un texto, que ha de examinar coa axuda dunha guía de lectura proporcionada polo profesor/a. A continuación, proxectaranse e comentaranse en clase os anuncios da lotaría de Nadal dos últimos anos, que posúen unha estrutura semellante á dun conto e revisarase o seu contido, establecendo as súas similitudes co texto literario. Como proxecto final, o alumnado organizarase en pequenos grupos para elaborar un relato audiovisual inspirado no Nadal, que se visualizará e exporá na aula. O resto dos compañeiros/as actuará como un comité de críticos que se encargará de valorar o produto final, proporcionando suxestións de mellora e redactando as recensións que se incluírán no boletín literario da clase.</p>	10	25	X		
4	O texto e o discurso expositivo e o texto expositivo discontinuo.	<p>O uso dos textos expositivos na actividade académica é constante: un libro de texto, os apuntamentos, os exames son claros exemplos.</p> <p>Malia iso, non lle dedicamos moito tempo ao estudo deste tipo de discurso mediante o cal un emisor pretende presentar un determinado tema a un receptor de forma clara e ordenada, para dalo a coñecer e facer que o comprenda. A súa elaboración require un coñecemento suficiente da cuestión tratada e esixe un desenvolvemento progresivo e articulado das ideas.</p> <p>Trátase dunha tipoloxía textual esencial na transmisión do saber humano e, de feito, é o vehículo principal da información científica, técnica, humanística etc. Por iso, imos dedicar esta unidade didáctica á</p>	5	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	O texto e o discurso expositivo e o texto expositivo discontinuo.	expresión e á comprensión adecuada dos textos expositivos.	5	12		X	
5	Falando enténdese a xente: textos dialogados. Comprensión e expresión oral e escrita.	O ser humano é, por natureza, un ser social, que necesita constantemente relacionarse coa súa contorna. Para ese intercambio de información, os textos dialogados son dos máis utilizados (conversas, debates, entrevistas, chats...) e imos practicar nesta unidade a súa adecuada produción e comprensión tanto oral como escrita.	10	15		X	
6	o teatro é poesía que sale del libro para hacerse humana: o xénero dramático e o texto poético.	Esta unidade didáctica dedicarase ao recoñecemento dos vínculos e retroalimentacións entre os diversos xéneros literarios e outras manifestacións artísticas afíns. A partir da lectura da novela gráfica Persépole e da visualización da representación teatral inspirada nela, El cuento de Persépolis, o alumnado participará nun coloquio arredor dos principais eixos temáticos da peza: as consecuencias das desigualdades sociais relacionadas especialmente co universo feminino. A continuación, a clase dividirase en pequenos grupos de traballo para realizar proxectos de investigación como a elaboración dun catálogo literario de obras escritas por mulleres que denunciaron a súa constante falta de dereitos, a creación dun cómic inspirado na obra literaria, o deseño dun guion teatral arredor do mesmo texto, a análise comparativa entre o contido de Persépole e o artigo "Barbie, Batman y Harry Potter, prohibidos en Irán" e a composición dun poema amoroso baseado na relación entre Marjane e Marcus.	10	20		X	
7	A novos tempos, novos costumes	O propósito fundamental da materia é que o alumnado remate a educación secundaria cunha competencia comunicativa apropiada. Para iso, non basta con coñecer as regras sistemáticas da lingua, senón que teñen que afianzar os coñecementos que lles permitan emitir e comprender mensaxes de forma contextualmente adecuada. Desde este enfoque, respectuoso cos fenómenos na súa naturalidade, imos analizar a lingua nas situacións comunicativas reais máis habituais na actualidade, tendo en conta os factores contextuais que a condicionan.	20	15			X
8	A escritura creativa.	Esta unidade didáctica orientarase cara o estudo das características do xénero lírico, afondando na importancia dos seus	30	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A escritura creativa.	recursos expresivos e na construción da linguaxe poética como medio para crear beleza artística e como canle de comunicación de mensaxes e sentimentos. A través de exemplos seleccionados da lírica actual, onde figuren mostras significativas dos principais subxéneros e modalidades poéticas clásicas e emerxentes, revisaranse co alumnado os mecanismos máis significativos de construción da linguaxe literaria, así como a identificación e valoración crítica dos mesmos. Finalmente, organizarase un obradoiro de escritura creativa distribuído en dous grupos. Un deles dedicarase á composición dunha pequena antoloxía de poemas elásticos, onde será necesario o coñecemento e posta en práctica da simetría na métrica do texto. O outro fará o propio con cadáveres exquisitos, achegándose primeiro ao coñecemento desta iniciativa da corrente surrealista de comezos do século XX.	30	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O proceso de comunicación oral e escrita de xeito eficaz. Formas de comunicación.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España coma das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as variedades dialectais do castelán.	PE	45
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Iniciará unha aproximación ás linguas de signos.	TI	55
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar os elementos verbais e non verbais que resulten discriminatorios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproximación ás linguas de signos.</li> <li>- Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio.</li> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A palabra e a frase.	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mediante a transformación de enunciados, o alumnado incluírá propostas de mellora atendendo á relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.	PE	70
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes nas diferentes tipoloxías textuais en función do propósito comunicativo.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identificará as clases de palabras e explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical mediante a utilización de afixos. Deberá recoñecer tamén as funcións sintácticas.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá prestar especial atención ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.	TI	30
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá facer un uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O texto narrativo	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.	PE	55
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En contos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes neles, valorando o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos relatos audiovisuais creados na aula.	TI	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado escollerá un dos textos da narrativa universal actual que integran a escolma proporcionada en clase e expresará de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado será quen de realizar e compartir coa clase a análise dunha obra procedente da narrativa universal actual, empregando unha guía de lectura para expresar as súas conclusións interpretativas.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será quen de establecer vínculos entre os contos lidos, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas como os anuncios publicitarios revisados na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> <li>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	O texto e o discurso expositivo e o texto expositivo discontinuo.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto expositivo e a información máis importante.	PE	40
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá recoñecer os procedementos expositivos máis habituais: definicións, enumeración de propiedades, exemplificacións e analogías.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado prestará especial atención á adecuación (registro), o respecto polas convencións dos textos expositivos, a ortografía, a presentación e a elección correcta do léxico.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá verificar o uso da terceira persoa, o predominio do presente de indicativo, o uso habitual das oracións impersonais e atributivas, así como o emprego recorrente da coordinación.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información en función da súa fiabilidade e pertinencia á hora de documentarse para elaborar textos expositivos.	TI	60
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co registro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos expositivos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos expositivos escritos ben estruturados nos que expliquen a cuestión tratada de forma clara e ordenada.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar aos seus textos expositivos vocabulario rigorosamente denotativo, tecnicismos, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade enunciativa.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Os textos expositivos que elabore o alumnado axustaranse ao esquema básico de introdución, desenvolvemento e conclusión, cunha ordenación lóxica dos contidos (estrutura analizante ou sintetizante).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.</li> <li>- Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a exposición.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).</li> <li>- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e</li> </ul> </li> </ul>



Contidos
- transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.

UD	Título da UD	Duración
5	Falando enténdese a xente: textos dialogados. Comprensión e expresión oral e escrita.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos dialogados.	TI	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Os alumnos e as alumnas terán que valorar a axilidade e a naturalidade propias dos textos dialogados e identificar o uso de vocativos, retrousos, interxeccións e exclamacións.		
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado será quen de identificar e evitar a expresións sexistas ou discriminatorias.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Ademais de participar activamente e respectar a quenda de palabra, o alumnado deberá ser claro e cortés: ofrecerá opcións sen impoñer o seu criterio, cooperará e recorrerá a usos verbais mitigadores.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelabora a e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Na confrontación de opinións propia dos debates, o alumnado deberá participar con intervencións curtas e dinámicas nas que, tras unha escoita activa, persuadea expoñendo as ideas de forma creativa.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

## Contidos

- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).

UD	Título da UD	Duración
6	o teatro é poesía que sale del libro para hacerse humana: o xénero dramático e o texto poético.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será quen de comprender e analizar as ideas fundamentais de Persépole e da súa versión teatral, interpretando axeitadamente a intención do emisor e a situación comunicativa descrita.	PE	60
contextualización do mesmo na unidade. O vocabulario está gravado no Class Audio Cd para que os estudantes poidan practicar a pronuncia. Teñen tamén no Workbook e no material de referencia e consulta diccionario do vocabulario obxectivo da lección.

#### Gramática

As táboas gramaticais de cada sección de gramática, guían aos alumnos a través dos exercicios tendo ademais táboas esquemáticas de contido gramatical no material de referencia e consulta. Diálogos e textos do mundo real dan o contexto necesario para a comprensión do contido gramatical.

#### As Skills

Proporciónase unha completa cobertura das 4 destrezas básicas que axudarán ao alumno a comunicarse dunha maneira efectiva en contextos de mundo real. As estruturas gramaticais preséntanse mediante unha gran variedade de textos do mundo real que aportan aos alumnos o contexto esencial para unha completa comprensión. As táboas gramaticais son moi claras e constitúen un material de referencia moi fácil de usar. A gramática e o vocabulario preséntanse de maneira gradual e traballa as 4 destrezas básicas por igual.

#### Reading: comprensión escrita

Traballaremos unha gran variedade de textos atractivos para os mozos que capten a súa atención e sexan altamente motivadores. Unha ampla gama de estilos textuais aproxima aos alumnos a diferentes tipos de lectura cun enfoque apropiadamente graduado e estruturado.

#### Writing: Interacción e produción na escrita

As tarefas de escritura preséntanse mediante un enfoque altamente estruturado. Primeiro, os alumnos interactúan con modelos de escritura antes de completar unha tarefa guiada paso a paso, que fai fincapé en que para conseguir un bo traballo escrito é necesario planificar, realizar un borrador e reescribir repasando antes o texto e comprobado os posibles erros.

#### Listening: comprensión oral

Os listenings daranlle a oportunidade aos alumnos de oír en contexto a gramática obxectivo da lección e o vocabulario que aprenderon.

#### Speaking: Interacción e produción oral

Haberá sempre un modelo de diálogo que se presenta seguidamente unha tarefa especialmente secuenciada para que os alumnos sexan capaces de reproducir diálogos funcionais que poderán usar en situacións reais de comunicación. Unha caixa de Expresións lingüísticas axudaralles a estudar aquelas expresións que máis van utilizar na tarefa.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de exercicios para a práctica do idioma estranxeiro
Materiais de consulta de elaboración propia para a aprendizaxe do idioma estranxeiro
Materiais de consulta de elaboración allea para a aprendizaxe do idioma estranxeiro
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua estranxeira
Recursos audiovisuais auténticos para a aprendizaxe do idioma estranxeiro
Recursos audiovisuais adaptados
Emprego de actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas na aprendizaxe do idioma
Caderno de exercicios para a aprendizaxe do idioma estranxeiro
Exercicios de elaboración propia ou allea para a aprendizaxe do idioma estranxeiro
Libro de lectura no idioma estranxeiro de dificultade adaptada

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No que se refire a avaliación inicial da lingua estranxeira, que se fai a comezos do curso, tomamos como referencia os contidos mínimos que tiveron que ser acadados no curso anterior en cada unha das destrezas. Non terá necesariamente forma de proba escrita, podéndose facer de xeito oral ou mediante actividades, proxectos, etc. Para promover mellores resultados, os primeiros días do curso faise un repaso breve dos contidos do ano anterior. Se os resultados de dita avaliación fosen negativos, fariamos actividades de reforzo para aquel ou aqueles alumnos que non obtiveron os resultados esperados ou, si é o caso, modificaríamos o punto de partida que corresponde o nivel no que se imparte.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>70</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	88	88	88	<b>88</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	12	12	12	<b>12</b>

**Criterios de cualificación:**

Os Criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada materia.

### A. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procederemos a avaliar o alumno como segue:

1º.- Observación directa e sistemática. Faremos un seguimento de cada alumno mediante a

participación nas actividades cotiás da aula, a interacción e o traballo en equipo, os hábitos escolares, a actitude ante a búsqueda de información e o dominio dos contidos procedimentais, a progresión na súa aprendizaxe oral e escrita, e mediante todos aqueles aspectos que consideremos oportunos para potenciar o coñecemento da materia.

2º.- Análisis de tarefas e da produción dos alumnos. Farase un seguimento día a día e tomaranse as medidas correctoras, de reforzo, ou de expansión oportunas se son necesarias. Estas tarefas están relacionadas coa programación xeral, e con cada unidade didáctica. Rexistraremos os datos sobre a realización das actividades e as aprendizaxes adquiridas e puntuaranse ata un máximo de un punto, mais ou menos, por avaliación.

3º.- Intercambios oráis e interrogación. En todas as clases o alumno fará ou contestará a preguntas, diálogos, ou debates mediante os cales identificaremos os coñecementos, contidos actitudinais e as capacidades en xeral.

4º.- Probas específicas. Farase alomenos unha proba oral e escrita en cada avaliación.

Haberá unha proba de recuperación final para aqueles alumnos que non superaron a materia ao longo do curso.

## B. CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

O libro está distribuído en 10 unidades distintas (unha de repaso e 9 de contidos propios do curso). Daranse catro unidades na primeira avaliación, tres na segunda, e tres na terceira seguindo o método de avaliación continua. Avalíanse non só os coñecementos senon o progreso ou o retroceso, o interese pola materia, e a actitude positiva cara a aprendizaxe do inglés.

En cada avaliación farase alomenos unha proba escrita, unha escoita e unha proba oral.

. A proba escrita consta de exercicios gramaticais que poden ser de varios tipos: completar unha frase ou lista, engadir, usar a forma correcta, elixir a forma correcta, usar unha categoría gramatical, coñecer os verbos irregulares, etc. Contén exercicios de vocabulario: completar listas, poñer sinónimos e antónimos, usar unha palabra no seu contexto, elixir entre dúas ou varias palabras, facer frases coas palabras dadas, etc. Haberá unha lectura comprensiva (reading) onde

se contestará a varias preguntas ben de forma curta, alongada, do tipo de verdadeiro ou falso, completar con unha palabra do texto, buscar un sinónimo ou antónimo, suliñar ou extraer información, etc. Haberá unha redacción (writing).

. A escoita (listening) será dun texto adaptado o seu nivel e o alumno deberá escoller entre varias opcións, dicir si unha frase é verdadeira ou falsa, ou completar con algunha palabra.

. A unha proba oral (speaking) consistirá en contestar a preguntas xerais, expoñer algún tema xa traballado, describir algún debuxo ou imaxe usando estruturas dadas na clase, falar dalgún tema xeral: a familia, os deportes, o tempo etc.

En cada unha das avaliacións reparáanse e ampliáanse os contidos das avaliacións anteriores. Considerase aprobada cada avaliación cando a cualificación sexa igual ou superior a cinco. O peso de cada unha das avaliacións non será o mesmo e veranse representadas como sigue:

- A unidade didáctica 1 (implementada no primeiro trimestre) terá un peso dun 10%
- A unidade didáctica 2 (isto é, segundo trimestre) terá un peso do 20%
- A unidade didáctica 3 (isto é, terceiro trimestre) terá un peso do 70%.

Será necesario saber o perfecto coñecemento da conxugación de verbos irregulares en todas as avaliacións.

Avaliarase de forma continuada segundo os procedementos e instrumentos de avaliación que se indican a continuación. En todo caso a avaliación parte dun nivel sinxelo (unha unidade) ata un nivel superior (as tres unidades



de cada avaliación), ou a avaliación de progreso de aprendizaxe ata o momento da proba.

O peso cualificativo de cada criterio de avaliación, ven determinado polo bloque de contidos o que pertence (reading/writing/speaking /listening), que ten un porcentaxe determinado, que é o que aparece a continuación:

- . 15% Writing : PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4, 1.5)
- . 10% Reading: COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1 - correspondéndose só 6 puntos porcentuais dos 18 asignados- + CA 1.2)
- . 10% Speaking: PRODUCCIÓN ORAL, INTERACCIÓN, MEDIACIÓN E INTERCULTURALIDADE (CA1.3 + CA1.6 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA3.1 + CA3.2)
- . 10% Listening: COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1 - correspondéndose 12 puntos porcentuais dos 18 asignados-.)
- . 45% Grammar: PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA CA2.1 + CA2.2 + CA2.3 + CA3.3)
- . 10% Classwork and homework (A suña representación nos C.A. verase representado proporcionalmente en todas as áreas dado que o traballo na aula e/ou na casa pode verse



relacionado e/ou representado por e en todas elas)

Con respecto ao 10% de Classwork and homework, o alumnado partiraŕ dunha nota de referencia de "1 punto". Restarase 0.1 puntos cada vez que un alumno non traia as tarefas asignadas da casa, que non realice o traballo solicitado na aula, non tenŕa o material necesario para realizar as actividades diarias, non saiba continuar na lectura oral e comuŕn na aula ou que exercicio estase a realizar, se negue a realizar un exercicio, entre outras situacioŕns de caracŕter similar. Restarase 0.2 cada vez que un alumno non entregue unha redaccioŕn en tempo e forma. A nota resultante ao final de cada avaliacioŕn seraŕ a asignada a este 10%.

No caso de que o alumno copiase nalgunha proba , a súa cualificacioŕn serŕ cero .

O alumno sŕo poderŕ facer un examen fora das datas establecidas no caso de que presente un xustificante mŕdico ou do Xulgado ou por alguŕn imprevisto sobrevenido de causa maior .

En canto ao libro de lectura, eŕ obrigatorio leelo, e sumaraŕ 0,5 sempre que a proba (oral ou escrita) supere o 8. Se a nota estaŕ entre un 6 e 8 puntuaraŕ un 0,25. Isto aplicarase aŕ calificacioŕn da terceira avaliacioŕn ordinaria. O alumnado poderaŕ participar no concurso de relato corto realizado polo departamento de inglŕs. En caso de participar de acorde co establecido anualmente nas bases do concurso, a nota media da segunda avaliacioŕn verase incrementada en 0.5/10 puntos.

## C. TEMPORALIZACIÓN :

- PRIMEIRA AVALIACIÓÑ: unidades 0, 1, 2, 3 do libro de exercicios de referencia
- SEGUNDA AVALIACIÓÑ: unidades 4, 5, 6 do libro de exercicios de referencia
- TERCEIRA AVALIACIÓÑ: unidades 7, 8, 9 do libro de exercicios de referencia

Ao ser unha materia de avaliación continua, o peso final das diferentes avaliacións será distinto e seguirá as indicacións do apartado 5.2.B.

### **Criterios de recuperación:**

Ao ser unhas unidades didácticas de avaliación continua, a cualificación da terceira terá un maior peso na nota final, xa que esta última avaliación inclúe os contidos das dúas anteriores. A primeira avaliación (unidade 1) terá un valor dun 10%, a segunda avaliación (unidade 2) dun 20% e a terceira (unidade 3) será o 70% da nota final. Todas estas porcentaxes formarán parte dunha media ponderada de cara a obtención dunha nota para a avaliación final ordinaria.

Cando as tres avaliacións parciais se consideren rematadas, a nota obtida nas tres avaliacións consignarase mediante a realización da media ponderada segundo o establecido previamente. Os alumnos cuxa nota media ponderada das tres unidades didácticas sexa negativa (isto é, menor de 5) recibiran un caderno de actividades de repaso. Estas actividades e exercicios de recuperación realizaranse na casa e/ou na clase e farán fincapeñ naqueles aspectos nos que non acadaron os obxetivos por medio de actividades exercicios que lles axuden a mellorar e lograr eses obxetivos. No que se refire aos alumnos xa aprobados (é dicir, que teñan unha nota media ponderada de cinco ou máis nas 3 unidades), farán proxectos individuais ou en grupo, repasarán contido dado previamente, realizarán actividades de lectura que lles poidan axudar cara o curso seguinte ou realizarán visionados de material audiovisual na lingua estranxeira, entre outras actividades similares.

Actividades de reforzo, profundización e titorización:

O alumnado que non teña unha avaliación positiva nas tres unidades didácticas despois de realizar a media ponderada que corresponde, deberá realizar actividades de apoio, reforzo e recuperación. Estes alumnos realizarán estas actividades co obxectivo de estaren mellor preparados para recuperar a asignatura. Este conxunto de actividades poderá ser avaliado cunha nota máxima de 0,5, en función das tarefas realizadas e o seu grao de consecución, que se incrementará á nota final da recuperación.

Os criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos que os indicados para as tres avaliacións parciais salvo que polas características das actividades de recuperación propostas se designen outras que serán comunicadas ao alumno/a previamente.

En definitiva, o alumnado realizará un examen de recuperación da materia no que terá que alcanzar, como mínimo, un cinco. Nesta proba queda a criterio do docente incluír o listening ou o speaking; de non incluírse, as porcentaxes de avaliación pasarán á área de gramática e vocabulario. A porcentaxe adicada ao traballo na aula ou na casa pasará directamente a sumarse á área de gramática e vocabulario.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Daráselle traballo puntualmente aos alumnos que teñan a asignatura pendente e guiaráselles a través del de xeito que podan ser conscientes dos

seus fallos, de habelos. Explicaráselles a orixe dos erros e como remedia los ou evitalos, recomendaráselles traballo extra de precisalo e implementaranse as medidas correctoras precisas de considerarse necesario.

Farán dous exames parciais, que de xeito aproximado serán en xaneiro e en marzo. A materia a recuperar será dividida aproximadamente en dúas metades que se avaliarán en cada proba. Unha vez realizadas ambas, calcularase a nota media do alumno ou alumna. A realización ou non do traballo previamente solicitado poderá incrementar ata 0.5/10 puntos esta nota media en función do grado de consecución dos exercicios. Os alumnos/as que aquí obteñan unha avaliación negativa (isto é, inferior a 5) terán unha proba global en maio na data que marque xefatura de estudos.

Aqueles alumnos que aproben a materia no presente curso actual terán a obrigaón de facer o examen de pendentos se teñen a materia do curso anterior sen aprobar.

De xeito adicional, no libro de exercicios hai material de traballo para os alumnos aos que lles

costa aprende-la materia. Usarano segundo lle conveña a cada alumno, e levarán outras tarefas de reforzo tradicionais como exercicios, actividades, etc.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións que regulan a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, desenvolverase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade impementadas poderán ser as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.

6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

## PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento da lei que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado poderá incluír:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

#### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión escrita	X	X	X
ET.2 - Comprensión oral	X	X	X
ET.3 - Expresión escrita	X	X	X
ET.4 - Expresión oral	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero	X	X	X
ET.8 - A creatividade			X
ET.9 - A educación para a saúde		X	
ET.10 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais	X	X	X
ET.11 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X		
ET.12 - O emprendemento social e empresarial		X	
ET.13 - O fomento do espírito crítico e científico			X

### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver actividades contextualizadas na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas pedagóxicas ou culturais	Asistencia a charlas sobre a cultura anglosaxona ou sobre persoaxes públicas ou de interese para o alumnado		X	
Posible asistencia a unha obra de teatro ou sesión cinematográfica	Asistencia a unha obra de teatro ou proxección cinematográfica no propio centro ou fora del na lingua estranxeira.	X		X
Visualización de películas ou vídeos en inglés con diferente temática	Entradas a webs para a visualización de películas no idioma estranxeiro con posibles subtítulos			X
Posible viaxe didáctica ou programa de inmersión	Posible convivencia en familia inglesa ou en campamento durante unha semana ou viaxe con profesor do departamento a unha cidade de fala inglesa		X	
Certame literario de relato curto	Elaboración voluntaria dunha historia curta en lingua inglesa		X	

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Presento actividades para detectar coñecemento e dificultades previas ao inicio de cada unidade
Fomento a animación á lectura e técnicas de comprensión escrita

<b>Metodoloxía empregada</b>
Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Combínase o traballo individual e en equipo.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Elabóranse actividades atendendo á diversidade
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
<b>Clima de traballo na aula</b>
<b>Fomento o traballo colaborativo</b>
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

**Descrición:**

Valorarase nunha escala do 1 ao 4, sendo 1 nunca, 2 as veces, 3 a menudo, 4 sempre.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

**Cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un**



documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

- . A principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado coa que se traballará.

- . Nas reunións de Departamento realizarase un seguimento do desenvolvemento da mesma. Para iso, teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos, como o desenvolvemento das actividades.

- . Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, é o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de

atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

. Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será a final do curso. Para esa avaliación terase en conta:

. En primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación.

. En segundo lugar, valoraranse os resultados do alumnado.

Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción ao tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer progresivamente un uso ético da linguaxe, que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe a seguir avanzando no desenvolvemento de todas as competencias abordadas en primeiro curso.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 2º de ESO, os catro bloques concréntanse en oito unidades didácticas denominadas con nomes de animais. Cada unidade iníciase cunha breve explicación sobre a palabra referida no título, o que non só contribuirá ao coñecemento e á conservación do léxico tradicional deste campo semántico, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Nas primeiras unidades de cada trimestre trataranse contidos de distintos bloques, mentres que a última de cada un deles se dedicará a realizar un proxecto didáctico sobre algún dos aspectos máis singulares ou salientables do nivel. Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, e, de ser o caso dalgunhas linguas de procedencia do alumnado.

Tendo en conta este marco, a proposta para o primeiro trimestre consistirá nun proxecto monográfico que xirará arredor do coñecemento das linguas da Península Ibérica e outros idiomas próximos ao alumnado. Entre outras actuacións, elaborárase un glosario multilingüe en formato dixital que incluírá léxico cotián en galego, portugués, castelán, catalán, éuscaro, inglés e/ou francés e, de ser o caso, nas linguas das/os estudantes de procedencia estranxeira (chínés, árabe, ruso, ucraíno...). Tamén se incorporarán, a través de códigos QR, expresións básicas (fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento, desculpa etc.) en lingua de signos. Este proxecto complementarase cun intercambio lingüístico virtual cun centro catalán, que se concretará en distintas iniciativas (exposicións orais, agasallos de fotopoemas).

O proxecto do segundo trimestre xirará arredor do libro de lectura obrigatoria (unha obra da narrativa xuvenil actual) e incluírá, entre outras actividades, a elaboración dun cómic en formato electrónico inspirado neste. Para acometer este labor, ademais de realizar un traballo colectivo sobre o cómic en galego (inicios do xénero en Galicia, autoras/es máis salientables, temáticas etc.), o alumnado deberá aprender no obradoiro de banda deseñada as características formais e os elementos constitutivos desta manifestación artística. Logo de rematar a fase de creación, realizarase un vídeo colectivo no que se explique o proceso de creación do cómic.

Finalmente, o alumnado, por parellas, deberá gravar un booktráiler ou un booktuber no que se dea a opinión sobre a obra e se recomende a súa lectura. As últimas semanas do curso destinaranse á edición dun boletín informativo que incluírá noticias, entrevistas, crónicas etc. relacionadas co centro, a comunidade educativa e os sucesos máis salientables que aconteceron ao longo de todo o curso. O traballo de redacción destes textos servirá para afondar no coñecemento dalgunhas propiedades textuais e dos mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste), mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas diferenciadas e inserirse en distintos xéneros literarios. No primeiro proporase un poemario; no segundo, unha obra narrativa e no terceiro, unha peza teatral.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O longueirón	<p>Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, continuarase co coñecemento iniciado en primeiro de ESO dos sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e do portugués, poñendo o foco agora nas semellanzas e as diferenzas entre ambos os dous sistemas. Os contidos comunicativos xirarán arredor das secuencias narrativas e no emprego de recursos como a deixis. Aproveitaranse os textos relatados para reparar no uso coherente das formas verbais.</p> <p>Por outra banda, a lectura da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre (un poemario) servirá para acometer a análise dalgúns elementos constitutivos dun poema (a métrica e a rima). Este será o punto de partida para establecer as relacións internas entre estes e o sentido da obra, de modo que o alumnado sexa quen de diferenciar algúns subxéneros poéticos como a canción ou a sátira. Finalmente, en canto á reflexión sobre a lingua, afondarase no emprego das regras de acentuación e no acento diacrítico.</p>	10	12	X		
2	O lucecú	<p>O estudo dalgúns aspectos socioculturais relacionados con Portugal e outros países lusófonos ocupará as primeiras sesións da unidade.</p> <p>Non obstante, serán os contidos comunicativos e, en concreto, as secuencias textuais descritivas as que teñan maior protagonismo. Aproveitaranse as descricións propostas para incidir en aspectos ortográficos como o uso dalgúns signos de puntuación, especialmente o punto e coma e a paréntese.</p> <p>En relación á literatura, ademais continuar coa valoración da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre, afondarase no recoñecemento e análise dalgúns recursos expresivos e figuras estilísticas básicas.</p> <p>A reflexión lingüística centrarase na identificación dos distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación e dúbida) e no recoñecemento das interxeccións.</p>	10	12	X		
3	O papagaio	<p>Nesta unidade desenvolverase un proxecto monográfico que xirará arredor do coñecemento das linguas da Península</p>	15	14	X		



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O papagaio	<p>Ibérica e outros idiomas próximos ao alumnado. Entre outras actuacións, elaborárase un glosario multilingüe en formato dixital que incluíra léxico cotián en galego, portugués, castelán, catalán, éuscaro, inglés e/ou francés e, de ser o caso, nas linguas das/os estudantes de procedencia estranxeira (chinés, árabe, ruso, ucraíno ...). Tamén se incorporarán, a través de códigos QR, expresións básicas (fórmulas de saúde, despedida, agradecemento, desculpa etc.) en lingua de signos.</p> <p>Ademais, realizarase un pequeno traballo sobre a poesía contemporánea escrita en galego, portugués, catalán e éuscaro. O proxecto complementarase cun intercambio lingüístico virtual cun centro catalán que se concretará en distintas iniciativas (exposicións orais, agasallos de fotopoemas).</p>	15	14	X		
4	O lagostino	<p>O coñecemento das características e a estrutura de textos propios do ámbito académico (apuntamentos, exposicións orais e escritas, mapas conceptuais) será o obxectivo fundamental desta unidade. A conmemoración do Día Escolar da Non Violencia e a Paz, o 30 de xaneiro, servirá de eixe temático para o desenvolvemento de distintas actividades, incluídas as complementarias (encontro co Valedor do Pobo).</p> <p>No que se refire á literatura proseguirase coa análise do libro de lectura obrigatoria do segundo trimestre, unha obra da narrativa xuvenil actual, e abordarase o estudo dalgúns subxéneros literarios narrativos como o conto, a novela, a fábula ou a lenda.</p> <p>En canto á reflexión sobre a lingua, atenderase especialmente ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos e á clasificación das oracións segundo a voz (activas e pasivas).</p>	10	12		X	
5	A toupa	<p>A análise dos textos que se difunden a través das redes sociais e dos medios de comunicación constitúe un dos aspectos máis salientables da unidade. A partir da lectura e valoración de entrevistas a persoas que manteñan distintos puntos de vista sobre temas ambientais, o alumnado establecerá un debate no que se defendan</p>	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A toupa	<p>e/ou rexeiten distintas posturas. Alén diso, cada estudante deberá realizar un comentario para un blog no que achegue a súa opinión.</p> <p>O desenvolvemento destas actividades dará pé a insistir na importancia de manter a cortesía conversacional e de aplicar as normas de etiqueta dixital. Aproveitarase este contexto para elaborar un folleto informativo que inclúa un decálogo con estas pautas.</p> <p>Canto á lectura, gravarase un booktuber no que o alumnado dará a súa opinión sobre a novela de lectura obrigatoria.</p> <p>A reflexión sobre a lingua centrarase nas relacións semánticas (sinonimia, antonimia, polisemia...) e na clasificación das oracións activas (predicativas e atributivas).</p>	10	12		X	
6	A cegoña	<p>Esta unidade desenvolverá un proxecto didáctico centrado na banda deseñada e no libro de lectura obrigatoria do segundo trimestre (unha obra da narrativa xuvenil actual) que incluírá, entre outras actividades, a elaboración en grupo dun cómic en formato electrónico inspirado nesta.</p> <p>Para acometer este labor, ademais de realizar un traballo colectivo sobre o cómic en galego (inicios do xénero en Galicia, autoras/es máis salientables, temáticas etc.), o alumnado deberá aprender no obradoiro de banda deseñada as características formais, os elementos constitutivos e os recursos expresivos desta manifestación artística. Logo de elaborar as distintas tarefas e de rematar a fase de creación, gravarase un breve vídeo explicativo sobre o proceso.</p>	15	13		X	
7	A andoriña	<p>Ao comezo da unidade estudaranse os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística da contorna do centro. Incidirase, así mesmo, na riqueza dialectal do galego e no rexeitamento de prexuízos lingüísticos.</p> <p>No que se refire ao bloque relacionado coa comunicación, comezarase a abordaxe e exemplificación, en textos dados, dalgunhas propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión).</p> <p>Os contidos literarios xirarán arredor do libro de lectura obrigatoria, unha peza teatral de temática feminista. A partir da</p>	15	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A andoriña	<p>análise do contido da obra dende unha perspectiva de xénero, estableceranse vínculos entre esta e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas. Aproveitarase este marco para introducir aspectos teóricos relacionados coa clasificación dos subxéneros dramáticos (comedia, traxedia, drama).</p> <p>En relación á reflexión sobre a lingua avanzárase na identificación dalgunhas funcións sintácticas (axente, atributo, predicativo...).</p>	15	15			X
8	A vacaloura	<p>As últimas semanas do curso destinaranse á edición dun boletín informativo que incluírá noticias, entrevistas, crónicas relacionadas co centro, coa comunidade educativa e cos sucesos máis salientables que aconteceron ao longo de todo o curso. O traballo de redacción destes textos servirá para afondar no coñecemento dalgunhas propiedades textuais, particularmente, dos mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais, explicativos...); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).</p>	15	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O longueirón	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as semellanzas e diferenzas máis salientables entre os sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e o do portugués.	PE	70

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza algúns dos elementos constitutivos dunha composición sinxela do poemario de lectura obrigatoria do primeiro trimestre (métrica, rima etc.).		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado reconece algúns subxéneros poéticos sinxelos a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido dunha obra (canción, sátira...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue a categoría gramatical e o significado de parellas de palabras que se diferencian polo timbre aberto ou pechado da vogal tónica e sabe empregar correctamente o acento diacrítico.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado relata brevemente a experiencia escolar vivida o curso anterior (aspectos positivos e negativos), axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fluidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deixé e usando con coherencia os tempos verbais.	TI	30
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado acode á biblioteca escolar e participa activamente nunha charla co/a autor/a do poemario de lectura obrigatoria. Tamén é quen de expresar a súa opinión sobre algún poema escollido por el ou ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O lucecú	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos socioculturais básicos relacionados cos países lusófonos, tanto de Portugal como doutros países como O Brasil (sistemas políticos, manifestacións artísticas, figuras representativas da literatura, música...).	PE	80
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emprega correctamente os signos de puntuación, con especial atención ao punto e coma e á paréntese, no texto descritivo redactado.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante dunha poesía dada do poemario de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado recoñece e valora algúns recursos expresivos e/ou figuras estilísticas presentes nun poema da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica, en textos dados, distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación e dúbida). Tamén sabe recoñecer as interxeccións.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado describe unha persoa coñecida (deportista, cantante, actor/actriz...). Alén das súas características físicas, tamén debe reflectir algún trazo do seu carácter e/ou da súa personalidade.	TI	20

CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Realiza correctamente as operacións elementais con polinomios e identidades descompoñendo un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	PE	100
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Identifica e traduce a linguaxe alxébrica (expresións alxébricas, ecuacións lineais ou cadráticas ou sistemas lineais) situacións da vida cotiá utilizando a precisión e o rigor na linguaxe matemática.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Modelización de situacións sinxelas da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica.</li> <li>- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.</li> <li>- Uso da linguaxe alxébrica para obter fórmulas e termos xerais baseados na observación de pautas e regularidades.</li> <li>- Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Identidades.</li> <li>- Variable.</li> <li>- Comprensión do concepto de variable nas súas diferentes naturezas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Ecuacións e sistemas	27

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	Comproba sen resolver a corrección das solucións dunha ecuación lineal e de segundo grao e dun sistema lineal utilizando a corrección matemática no desenvolvemento do proceso.	PE	100
CA4.2 - Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Comproba a validez das solucións de ecuacións lineais e de segundo grao e de sistemas lineais segundo o contexto do problema facendo unha análise crítica da solución desde distintas perspectivas.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Calcula a expresión alxébrica dunha ecuación lineal ou cadrática ou sistema lineal a partir dun enunciado e resólvea e valora o resultado obtido interpretando e modificando algoritmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Modelización de situacións sinxelas da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica.</li> <li>- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.</li> <li>- Igualdade e desigualdade.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá.</li> <li>- Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais e cadráticas.</li> <li>- Procura de solucións en ecuacións lineais e cadráticas cunha incógnita. Aplicación a problemas contextualizados. Interpretación das solucións.</li> <li>- Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de dúas ecuacións lineais e dúas incógnitas. Aplicación a problemas contextualizados.</li> <li>- Uso da tecnoloxía para resolver e comprobar as solucións de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais.</li> <li>- Pensamento computacional.</li> <li>- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.</li> <li>- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Sistemas de medida	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica as magnitudes en cada situación relacionándoas coas unidades de medida correspondentes.	PE	100
CA2.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Emprega correctamente os factores de conversión para as operacións en problemas que impliquen medidas interpretando e modificando algoritmos.		
CA2.5 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Fai estimacións de medidas traballando coa precisión adecuada.		
CA3.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando os sistemas de medida ou as escalas adecuadas comunicando correctamente o proceso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Magnitude.</li> <li>- Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida.</li> <li>- Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais.</li> <li>- Uso de representacións planas de obxectos tridimensionais para visualizar e resolver problemas.</li> <li>- Representación de obxectos tridimensionais usando os medios tecnolóxicos máis adecuados.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Semellanza	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Resolve problemas de semellanza de figuras planas e utilizando o teorema de Tales e/ou as escalas.	PE	100
CA3.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Utiliza a semellanza, o teorema de Tales e/ou as escalas en plantexamentos e aplicacións noutras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Recoñecemento de figuras semellantes. O teorema de Tales.</li> <li>- Aplicación de escalas no cálculo de distancias en situacións da vida real.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Lonxitudes e áreas	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Calcula perímetros e áreas de figuras a partir de perímetros e áreas doutras figuras dadas formando un todo coherente.	PE	100
CA2.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Emprega o teorema de Pitágoras para o cálculo de perímetros e de áreas aplicando coñecementos e experiencias.		
CA3.1 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Constrúe figuras planas con lapis e papel, con ferramentas manipulativas e/ou con ferramentas dixitais descompoñendo un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA3.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas de distancias e superficies relacionados con lonxitudes e áreas de figuras planas interpretando e modificando algoritmos.		
CA3.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Clasifica correctamente os tipos de figuras e identifica os seus elementos característicos formando un todo coherente.		
CA3.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas valorando a súa utilidade para compartir información.	Constrúe diferentes figuras xeométricas con ferramentas dixitais relacionándoos con perímetros e áreas de figuras planas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Magnitude.</li> <li>- Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida.</li> <li>- Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación.</li> <li>- Medición.</li> <li>- Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características.</li> <li>- Identificación da relación pitagórica e o seu uso no cálculo de medidas en figuras planas e tridimensionais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Corpos xeométricos	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Modeliza situacións e resolve problemas de identificación e clasificación de corpos xeométricos de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	PE	100
CA2.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Recoñece e usa as relacións entre os coñecementos e as experiencias das características dos diferentes corpos xeométricos formando un todo coherente.		
CA2.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Coñece e identifica os desenvolvementos planos dos distintos corpos xeométricos aplicando un todo coherente. Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica axeitadas.		
CA3.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos, procedementos e resultados de construción dos diferentes corpos xeométricos usando diferentes ferramentas (lapis e papel e/ou dixitais) valorando a súa utilidade para compartir información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Magnitude.</li> <li>- Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida.</li> <li>- Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación.</li> <li>- Medición.</li> <li>- Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais.</li> <li>- Uso de representacións planas de obxectos tridimensionais para visualizar e resolver problemas.</li> <li>- Representación de obxectos tridimensionais usando os medios tecnolóxicos máis adecuados.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características.</li> <li>- Identificación da relación pitagórica e o seu uso no cálculo de medidas en figuras planas e tridimensionais.</li> <li>- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	Funcións. Táboas e gráficas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Identifica as funcións lineais e non lineais e estuda as propiedades relevantes das funcións a partir das táboas e gráficas interpretando e modificando algoritmos.		
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Modeliza as relacións lineais en situacións da vida real e representa distintos tipos de rectas a partir da súa ecuación establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática.	PE	100
CA4.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Manexar as formas de presentar unha función( (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación), pasando dunhas formas a outras elixindo a mellor delas en función do contexto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Modelización de situacións sinxelas da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica.</li> <li>- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.</li> <li>- Variable.</li> <li>- Comprensión do concepto de variable nas súas diferentes naturezas.</li> <li>- Igualdade e desigualdade.</li> <li>- Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá.</li> <li>- Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de dúas ecuacións lineais e dúas incógnitas. Aplicación a problemas contextualizados.</li> <li>- Uso da tecnoloxía para resolver e comprobar as solucións de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais.</li> <li>- Relacións e funcións.</li> <li>- Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación (táboa, gráfica, fórmula).</li> <li>- Identificación de funcións, lineais ou non lineais, estudo e comparación das súas propiedades a partir das súas gráficas ou expresións alxébricas.</li> <li>- Identificación de relacións cuantitativas e determinación da clase ou clases de funcións que a modelizan en problemas propios doutras materias ou do mundo real.</li> <li>- Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas a partir de situacións contextualizadas.</li> <li>- Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.</li> <li>- Pensamento computacional.</li> <li>- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.</li> </ul>

### Contidos

- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.
- Uso de calculadoras gráficas e software específico para a representación de funcións e a análise dos seus elementos característicos.

UD	Título da UD	Duración
12	Estatística e probabilidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de experimentos deterministas e aleatorios poñendo exemplos de cada un deles.	PE	100
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos dunha variable unidimensional e constrúe a táboa de frecuencias descompoñendo un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización interpretando e modificando algoritmos.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable unidimensional establecendo e aplicando conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos, procedementos e resultados de estatística e probabilidade usando diferentes ferramentas (lapis e papel, calculadora e/ou software estatístico) e valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados utilizando describindo, explicando e xustificando razoamentos procedementos e conclusións.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos empregando a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización e análise de datos.</li> <li>- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.</li> <li>- Recollida e organización de datos en situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. Frecuencias.</li> <li>- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas.</li> <li>- Medidas de centralización e dispersión: interpretación e cálculo.</li> <li>- Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás medidas de centralización e dispersión.</li> <li>- Uso das medidas de dispersión como complemento da media para explicar a distribución dos datos.</li> <li>- Cálculo e interpretación das medidas de centralización e dispersión, con apoio tecnolóxico, en contextos da vida real.</li> <li>- Uso de técnicas estatísticas para o tratamento de grandes cantidades de datos.</li> <li>- Contribución da estatística ao progreso da sociedade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
13	Matemáticas para a vida en sociedade	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A Metodoloxía didáctica son o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar o ensino-aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos pretendidos.

En consonancia co anterior, as liñas mestras de actuación no proceso ensino-aprendizaxe proposta polo departamento de Matemáticas para o presente curso académico basearanse nunha metodoloxía activa, procurando co alumnado participe tódolo posible na clase ,favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, e intentando que as matemáticas capten ó máximo o seu interese.

Asegurar unha aprendizaxe significativa supón que debémos:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
3. Facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo.
4. Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.
5. Incrementar a actividade manipulativa e mental do alumnado.
6. Intentar que o alumnado presente deben unha actitude favorable para aprender significativamente.

Para conseguilo ao longo dos trimestres como profesores necesitaremos asumir unha serie de accións, que nos leven a decidir utilizar a máis adecuada para cada contido e en cada momento e así conseguir adaptarse aos distintos ritmos e niveis de aprendizaxe . Ademáis de organizar do mellor modo a aula e as ferramentas dixitais para facer rendibles ao máximo os recursos dispoñibles.

##### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1º- Por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo destes coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

2º- Fomentárase a participación e a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e aprender a corrixir os erros cometidos dun xeito autónomo. Para elo traballáranse as relacións entre as aprendizaxes previas e as novas.

3º- Introdúciranse os contidos a partir de necesidades, intereses capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e as alumnas. Neste sentido, a información que recibe o alumno ha de ser lóxica, comprensible e útil. Os/as alumnos/as aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas. Así percibirán a utilidade dos conceptos e contidos en cada unidade.

4º- Promóvese a interacción participación e colaboración de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos para facilitar a construción de aprendizaxes significativas para que así sexan conscientes das vantaxes que na superación da materia supón o feito de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo. Ao mesmo tempo que se favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e as alumnas.

As liñas metodolóxicas xerais deberán:

- \* Contribuir a adquisición dos conceptos con certo rigor matemático a medida que o alumnado avanza.
- \* Permitir practicar as destrezas e rutinas conseguidas recentemente e consolidar as conseguidas con anterioridade.
- \* Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- \* Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas.
- \* Desenvolver destrezas numéricas básicas e o desenvolvemento de competencias xeométricas, así como estratexias persoais que lles permitan enfrontarse a diversas situacións problemáticas da vida cotiá.
- \* Buscar, seleccionar e tratar a información.
- \* Fomentar a confrontación clara, respectuosa
- \* Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.
- \* Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- \* Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados cun vocabulario o máis específico posible de termos e notacións matemáticas.
- \* Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
- \* Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

## MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios e as liñas metodolóxicas dos que falamos anteriormente teñen por finalidade contribuír, por un lado, a unha axeitada comprensión dos contidos matemáticos en conexión con contextos do mundo real e significativos para o alumnado e, por outro, ao desenvolvemento das competencias clave.

Pero debémos describir de maneira un pouco máis precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica.

A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica e que usaremos en distintos momentos ao longo do curso según as necesidades.

### 1. A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

### 2. Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada. A exposición por parte do profesor é útil e necesaria e debería empregarse para orientar, suxerir, estimular, etc., evitando sempre que sexa posible que o alumno se converta nun mero receptor pasivo. As preguntas e respostas que se intercambian o profesor e os alumnos, durante a explicación, deberían constituír un diálogo. Hai que ter en conta todas as respostas inda que sexan incorrectas ou non se axusten ás expectativas do profesor; a análise dunha resposta incorrecta ou inesperada pode conducir a un fructífero debate e a unha mellor comprensión, por parte do profesor e dos alumnos, de malentendidos e interpretacións erróneas específicas.

### 3. Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Para facilitar a comprensión da asignatura, hai que desenrolar experiencias prácticas axeitadas as súa capacidade e os seus coñecementos. E recoñecer a resolución de problemas como unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas.

Para a súa resolución hai que abordar unha serie de pasos: análise do problema e emisión de hipóteses, busca de



estratexias, resolución, comprobación das hipóteses. Pero antes de todo isto, é preciso traducilos a termos matemáticos apropiados. Este primeiro paso é esencial e suscita serias dificultades a moitos alumnos. É tarefa do profesor axudarlles a entender en cada momento como deben aplicar os conceptos e destrezas que están aprendendo e como usalos na resolución dos problemas. Tendo en conta as dificultades que conleva, é de esperar que a maioría dos alumnos, antes de abordar por escrito os problemas máis sinxelos, necesiten moito tempo de discusión e traballo oral.

#### 4. Método titorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

#### 5. Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introdutorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

#### 6. Método colaborativo

Intenta favorecer a aprendizaxe mediante a participación, a reflexión, tanto individual como grupal para iso é importante a proposta de traballos en grupo ante problemas que estimulen a curiosidade e a reflexión dos alumnos, xa que lles permiten desenvolver estratexias de defensa dos seus argumentos fronte aos dos seus compañeiros e compañeiras e seleccionar a resposta máis axeitada para a situación problemática formulada. A adecuada elección do alumnado do grupo pode favorecer estratexias para traballar a diversidade.

#### TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

##### - Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

##### - Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

##### - Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

##### - Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Matemáticas 2º ESO, Operación Mundo. Editorial Anaya.

Caderno de clase da/o alumna/o
Apuntes elaborados polo profesorado ou adaptados polo departamento.
Fichas de actividades de consolidación, reforzo e ampliación.
Calculadoras de tipo elemental ou científicas.
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Ordenadores E-Dixgal e Biblioteca do I.E.S.
Aula virtual, software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizarán os ordenadores E-Dixgal para o desenvolvemento de tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán aplicacións webs para Matemáticas da E.S.O. que inclúan:

- Recursos xerais que poden utilizarse ao longo do curso: exercicios complementarios, lecturas interesantes relacionadas cos contidos, follas de cálculo
- Programas informáticos (GeoGebra, etc).
- Recursos para cada unidade, con contidos de repaso, actividades, proxectos de traballo, autoavaliacións, problemas guiados, autoavaliacións inicial e final, resumos e enlaces a programas para xerar contidos.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao alumnado de 2º ESO, ao comezo do curso , realizaráselle durante a segunda quincena de setembro unha avaliación inicial que poderá consistir en:

- Nunha proba escrita baseada en contidos mínimos de 1º da E.S.O. referida a cuestións numéricas e operacionais incluíndo tamén supostos e problemas e algunha cuestión de razoamento lóxico e a cuestións elementais relacionadas co mundo físico e natural da contorna e o medio ambiente.
- Na observación e resultados, nas primeiras semanas, de fichas de repaso, así como do historial académico na materia do alumnado.

Estas probas xunto coa observación profesional da profesora pretende coñecer o lugar de partida dos alumnos coa fin de que a aprendizaxe sexa unha liña continua que:

- Ademais de permitir a adecuación ao nivel medio dos alumnos, a avaliación inicial posibilitará a detección de problemas máis serios que se solventarán, coa configuración dos grupos de reforzos , adaptacións curriculares en casos máis complicados coa axuda do Departamento de Orientación.

Os resultados so se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino aprendizaxe a realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectara á cualificación do alumnado.

Na sesión de avaliación inicial do alumnado de 2º E.S.O. terase en conta a información:

1. Facilitada polo departamento de Orientación, sobre a situación familiar , social, e as necesidades educativas que podan presentar.
2. Que nos proporcione a proba escrita realizada ao grupo ou as fichas de repaso feitas na clase, xunto coa observación profesional e diaria nas aulas.
3. Recollida da observación do expediente académico e dos informes individualizados do curso anterior do alumnado, nos que constará a competencia curricular na materia de Matemáticas, as dificultades de aprendizaxe presentadas e as medidas de atención á diversidade aplicadas, se fose o caso.

Unha vez diagnosticadas, tanto a nivel individual como a nivel de grupo, as deficiencias existentes e as súas causas, a sesión de avaliación inicial é o marco propicio para establecer as medidas que permitan corrixir na medida do posible tales deficiencias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>6</b>	<b>13</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>16</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>10</b>	<b>7</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	0	<b>94</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	100	<b>6</b>

### Criterios de cualificación:

1. Instrumentos de avaliación.

A) Observación directa da súa actitude cara a materia.(OBS)

B) Revisións periódicas do seu caderno de traballo (CAD)

C) Traballos individuais. Exercicios para entregar (TI)

D) Traballos en grupo (TG)

E) Preguntas Oraís (PO) frecuentes con saídas ao encerado ou contestación escrita de preguntas

F) Probas escritas (PE) que poden ser:

- Dunha ou máis unidades didácticas anunciadas con anterioridade.

- Pequenas probas escritas dirixidas a todo o grupo sen avisar para constatar os conceptos recentes entendidos

2. Procedemento de avaliación.

a) Seguimento da avaliación continua diaria: Observación directa e control da realización dos exercicios e o seu caderno persoal na aula e do traballo diario individual proposto para a súa realización na casa.

b) Seguimento da avaliación continua de cada alumno/a (coas diferentes ferramentas anteriormente descritas).

3.Criterios de cualificación.

A) A cualificación obtida por un alumno/a ao final de cada avaliación parcial virá determinada, en función dos seguintes apartados:

- Media Ponderada dos Exames ou probas escritas (PE) (polo menos 2 cada avaliación) que conformará ao 80% da cualificación (Os exames ou probas escritas serán cualificados de 0 a 10.)

- A valoración conxunta dos instrumentos :(OBS), (CAD), (TI), (TG) e (PO) que significará o outro 20% restante.

O alumnado aprobará a avaliación se a nota obtida nesa avaliación, tal como se indica, é 5 ou superior e suspenderá si é inferior a 5.

B) Avaliacións parciais (3) ao longo do curso e as súas recuperacións:

1. Unha 1ª e unha 2ª avaliación parcial, que serán cualificadas utilizando os criterios de avaliación xa sinalados anteriormente.

2. Unha terceira avaliación parcial:

Aproximadamente ao final do mes de maio (dependendo das necesidades da materia), remataranse (se é posible) as unidades programadas para impartir na 3ª avaliación así como os exames, controis etc. pertinentes para a súa cualificación. Nestas datas determinarase que alumnado aproba a parte da materia correspondente a esta avaliación e que alumnado a suspende por non acadar os mínimos esixibles, estando vixentes os mesmos criterios que nas

anteriores avaliacións.

3. O alumnado que suspenda algunha avaliación terá unha proba escrita de recuperación, ao final de cada avaliación, na data fixada pola profesora.

A cualificación desa proba escrita determinará que alumnado recupera as avaliacións parciais (cualificación non inferior a 5) e que alumnado continúa sen recuperalas (cualificación inferior a 5).

4. Cada alumno/a superará finalmente a materia se se considera que acadou os obxectivos das tres avaliacións ao longo do curso, é dicir, cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos en cada unha delas. En caso contrario, seguirá o programa de recuperación para a avaliación final.

A nota final obterase de facer a media aritméticas das notas das 3 avaliacións ou das súas recuperacións, sempre o enteiro por defecto.

Convén aclarar que, na materia de Matemáticas, o dominio dunha parte do programa non implica que se dominen tódalas anteriores. En consecuencia, é totalmente posible que haxa casos que teñan superada a terceira e non as anteriores. Ou nos que a nota final sexa inferior á nota da terceira avaliación.

No caso de que algún alumno/a sexa sorprendido durante o curso algunha situación pouco ética na realización de algún exame (copiando: con apuntes, exame dun compañeiro, móbil ,etc.) a cualificación da proba será de 0. Os seguintes exames realizaríaos, se a profesora así o require, de xeito oral.

### **Cráterios de recuperación:**

#### **1) RECUPERACIÓN FINAL.**

No mes de xuño realizaranse as seguintes actividades obrigatorias de recuperación, dirixidas ao alumnado que non superou algunha das tres avaliacións:

- BOLETÍN, no que figurara os exercicios esixibles segundo as avaliacións a recuperar para realizar na aula e na casa. Representará un 10% da cualificación da recuperación.
- EXAME final obrigatorio de recuperación da materia do curso ou das avaliacións pendentes de recuperar. Representará un 90% da cualificación da recuperación.

En xeral, considerarase aprobada a materia cando, o alumno/a obteña unha media ponderada igual ou superior a 5 puntos nestas actividades en cada unha das avaliacións que deba superar. Non obstante, poderase aprobar con algunha avaliación suspensa, despois de realizar as actividades de recuperación, (tendo en conta o interese e o esforzo persoal levado a cabo nelas) e se a media das tres avaliacións e igual ou maior que 5.

#### **2) PLAN (voluntario en xuño) PARA A MELLORA DA CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO QUE ACADOU UNHA AVALIACIÓN FINAL POSITIVA DA MATERIA.**

- BOLETÍN de actividades que realizado satisfactoriamente, poderá redondear a alza (Ex de 7,5 pasaría a 8) a súa cualificación final.
- EXAME da materia do curso nas condicións establecidas pola profesora, e sempre que a cualificación do exame así o xustifique, poderá subir ata 1 punto a súa cualificación final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

En aplicación da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación no seu capítulo 51. (Modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro) elaborárase un Plan de reforzo para o alumnado de 3º da ESO que pase de curso coa materia de matemáticas de 2º ESO sen superar, nas condicións que a citada Orde establece.

O Plan de reforzo será elaborado e levado a cabo polo profesorado responsable da materia de Matemáticas de 2º de ESO que a alumna ou o alumno ten pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico que velará pola súa realización ao longo do curso. Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Así mesmo, será un Plan que se adapte ás particularidades do alumnado destinatario. A xefa do departamento (coa colaboración do profesor que imparte a materia en 3º ESO) deberá informar ao alumnado implicado no citado Plan ao comezo do curso.

Este Plan establece que a materia a recuperar dividírase en dúas partes e que:

- Nos meses de Xaneiro e Abril (aproximadamente), realizaranse dous exames parciais relativos a cada unha delas. Os exames serán propostos e corrixiados pola profesora de 2º de ESO e levados a cabo pola xefa do departamento. En cada parcial serán entregadas unha serie de actividades polo profesor/a responsable da materia a recuperar (2º ESO), que será o encargado de supervisalas (coa colaboración do profesor do 3º da ESO). Estas actividades deberán ser realizadas e entregadas polo alumnado antes da data dos parciais correspondentes. Si están correctamente

resultas poderán supoñer ata 1 punto na cualificación final do parcial que se pretende superar.

A materia quedara avaliada positivamente se son superados os dous parciais (cualificación igual ou superior a 5)

- No caso contrario, o alumno ou alumna terá unha nova convocatoria antes da sesión da 3ª avaliación. Nesta realizará un exame de toda a materia ou do parcial pendente de superar, A data deste exame será fixada polo departamento, ou pola Xefatura de estudos e posta en coñecemento do alumnado coa suficiente antelación.

A materia quedara avaliada positivamente cunha cualificación igual ou superior a 5, e negativamente (non será superada a materia) cunha cualificación inferior a 5.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria.

En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva (cualificación igual ou superior a 5) no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

- O departamento considera que, as Matemáticas na E.S.O son unha materia onde os contidos pódense considerar en xeral de carácter progresivo, polo tanto, no caso en que un alumno ou alumna que teña pendente a materia de 2º aprobe a materia de 3º, quedaralle automaticamente aprobada a materia pendente. Tendo en conta que :

“Si na avaliación final a materia pendente non se supera e a do curso ordinario sí, a cualificación da materia pendente será a media ponderada do 70% da obtida no curso ordinario e o 30% da cualificación obtida nos exames e nos traballos solicitados na materia pendente, sendo a cualificación da pendente sempre como mínimo un 5 ”.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Para formular as medidas de atención á diversidade e inclusión nos grupos de 2º da ESO no que se imparte docencia terase en conta o que para este alumnado está regulado na ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Así mesmo rexerémonos polo Plan Xeral de Atención a Diversidade do propio centro.

Este decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. E que na aula debemos distinguir os tipos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Para levar a cabo unha correcta atención, o profesorado que imparte a materia de Matemáticas en 2º da ESO encargarase de:

1- Detectar nos primeiros días do curso o alumnado que, ben por carencia de coñecementos previos, ben por dificultades de comprensión, ben por padecemento dalgún trastorno ou síndrome, ou ben por altas capacidades intelectuais semelle, que vai ter problemas para seguir unha aprendizaxe normal na materia de Matemáticas.

2- Propoñer, na correspondente xunta de avaliación inicial, visto os informes do curso anterior e o resultado das probas realizadas, ao alumnado que precisa algún tipo de medida de atención na materia de Matemáticas. Se observamos carencias importantes os profesores dos cursos informarán ao Departamento de Orientación para definir as liñas de actuación para atender a estes alumnos.

3- Participar, na xunta de avaliación inicial, na selección do alumnado de terceiro curso da ESO que precisa reforzo na materia de Matemáticas para incorporalos ao grupo de reforzo ou apoio (de existir). Neste curso, temos concedido o plan Proa+, que servirá de reforzo e apoio do alumnado con dificultades na materia (preferentemente destinado ao alumnado coa materia pendente).

4- Atender a alumnado con altas capacidades ou con dificultades que non se engloben entre as xa descritas. Dado que estas dificultades poden ser de moi diverso tipo (leves ou graves, informadas ou sobrevidas, pasaxeiras ou permanentes, específicas ou xerais), non é posible establecer pormenorizadamente as actuacións que se levarían a cabo en cada caso.

5 -Colaborar coas profesoras de Pedagogía Terapéutica (PT) e o departamento de Orientación nos apoios que que

desenvolvan, informándoas das carencias e problemas de aprendizaxe máis importantes que presenta cada un dos alumnos afectados pola medida, achegándolles os mínimos esixibles que debe alcanzar o alumnado afectado, pasándolles o material que precisen e procurando a maior coordinación posible co que se está facendo no grupo de referencia.

En xeral utilizaremos unha serie de accións entre as que se poden subliñar:

1) A nivel individual

- Atención individualizada na aula..
- Realización de exercicios con distintos niveis de dificultade, mediante fichas de apoio, reforzo ou ampliación.
- Realización de traballos colaborativos en grupos homoxéneos ou heteroxéneos, segundo as necesidades.
